

# iPont

Nº 1 • 2009  
En Portada - Lola Doplico



# Lola Dopico

“Se hai algo que me caracterice é estar sempre pensando en proxectos novos, acadar metas e definir novos obxectivos”

Vicedecana da facultade de Belas Artes, dirixe tamén a Escola de Estudos Superiores en Deseño Têxtil e Moda, e é concelleira de Cultura no Concello de Pontevedra



## “Teño o costume de ter dous ou tres libros de lectura ao tempo”

### Libro favorito

Eso si que é difícil, teño un montón de libros favoritos, é imposible ter unicamente un, pero se teño que escoller “El Libro del desasosiego” de Pessoa

### Cal estás lendo?

Teño o costume de ter dous ou tres libros en lectura ao tempo, comecei varios no nadal, “Suite Francesa” de Irène Némirovsky, “La elegancia del erizo” de Muriel Barbery, e “Otra idea de Galicia” de Murado e relendo, que sempre é un placer, “Las Bostonianas” de Henry James.

### Cal é o que máis che impactou?

Eso é imposible de contestar, existen moitos libros claves e de moitos tipos, depende do momento da vida, Rilke sendo moi nova, pero tamén Borges, ou apri-

meira vez que lín a Hemingway e noutros momentos o descubrimento de Castelao e “O sempre en Galiza”, “A esmorga” de Blanco Amor, e tamén de Marguerite Yourcenar “Memorias de Adriano” e de Virginia Wolf “Una habitación propia e Orlando”, “La vida instrucciones de uso” de Perec, e aínda así se me esquecen unha chea.

### Que libro gustaríache escribir?

Calquera de estos que mencionei e tantos outros, respeto moitísimo o oficio de escribir

### O teu escritor favorito

Marguerite Yourcenar, Emilia Pardo Bazán, Djuna Barnes, Virginia Wolf, Georges Perec, Valle Inclán

### Música preferida

Gústame un pouco de todo os estilos, apaixóname a ópera, a música tradicional pero tamén o pop e o rock

### Unha canción

“Wild horses” de Rolling Stones e “Take this valtz” de Leonard Cohen, a súa versión e a de Morente, e o disco enteiro da Sra Carmen, e o l’ím a Bird de Antonyand the Johnsons

### Película preferida

Fai pouco comprei o dvd de “Novecento” de Bertolucci e foi un pracer volver a vela, é fantástica, pero sigo sendo unha namorada de “La muerte en Venecia” de Visconti

### Actor favorito

Sean Penn e Luis Tosar

### Actriz favorita

Vanessa Redgrave



### Un sentimento

O orgullo de xénero e de país, de ser muller e galega

### Un soño

Que cada día fósamos capaces de dar un paso máis cara unhas condicións máis xustas, e máis igualitarias

### Que valoras máis na túa parella?

Supoño que un busca na súa parella o que valora en xeral. A honestidade, a integridade e a independencia, son as cousas que valoro máis. Para min na parella é determinante a capacidade do outro para soste-la unha relación baseada na igualdade



## “O meu fondo de armario é negro, negrísimo”

### Como che gusta vestir?

Pois como o fago, un pouco ao meu xeito.

### Deseñador preferido

Tantos, todos os deseñadores teñen pezas maravilosas, non podería quedarme cun só nome, pero teño que recoñecer a miña absoluta debilidade por D-Due, son galegos e non atoparás mellor deseño e un acabado mellor, son fantásticos

### O teu fondo de armario

Negro, negrísimo

### Cal é a peza na que máis che fixas nun home?

Das pezas masculinas encántanme os panos para o cuello máis que as gravatas. De todos modos é o estilo global dunha persoa máis que unha prenda en concreto co que me quedo normalmente



**Unha das túas fotos preferidas...**

Esta foto ma fixeron na casa, acababa de montar a biblioteca e a verdade que me fixo moita ilusión ordear todos os meus libriños ...

**Un lugar para vivir**  
Pontevedra

**Un lugar para descansar**  
Pontevedra

**Un lugar para irse de vacacións**  
Coller un avión e coñecer unha cultura nova un país diferente é sempre o mellor plan

**Os teus hobbies**  
Ler, coidar o xardín, encantame plantar cousas e cociñar

**Un viño**  
Un Rosal

**“Coñecer unha cultura nova, un país diferente, sempre é o mellor plan para ir de vacacións”**

**O teu prato favorito**  
Os ovos fritos con patacas, ben feitos son difíciles de superar.

**Que che gustaría facer, que aínda non fagas?**

Tanto no profesional como no persoal cheas de cousas se hai algo que me caracterice é estar sempre pensando en proxectos novos, acadar metas e definirnovo obxectivos é o motor da vida

**Unha virtude**  
A determinación

**Un defecto**  
A impaciencia